


AXUDAS para socios de Xistra para ó Campamento FEDME en agosto 2013

Dado o elevado prezo da inscrición deste ano no Campamento FEDME, temos pensado adicar unha cantidade extraordinaria do presuposto para axudar ós asistentes ó Campamento FEDME de finais de agosto.



Podedes ver máis información do campamento FEDME pinchando [aquí](#)

Estamos pendentes de saber canto vai dar a Federación Galega de Montañismo para axuda ós deportistas federados galegos que acudan a esta actividade estatal.

Polo tanto, e mentres non saibamos que cantidade van ofertar dende a FGM, o Clube de Montaña Xistra infórmavos que nós adiantaremos unha cantidade de entre **30 e 40? para** os maiores de 14 anos que fagan a inscrición neste campamento. A axuda definitiva dependerá da cantidade de participantes de Xistra que asistan e das axudas que oferte a Federación.

Para os menores de 14 anos (que non están obrigados a pagar inscrición) a axuda do club será de **10?/neno**.

Lembrede que estas actividades federativas FEDME outorgan **2 puntos a cada participante** dentro do baremo do club. Só é preciso asistir e inscribirse un día para conseguir os dous puntos (e non é preciso estar toda a semana).

Por outra banda, a socia Pilar del Moral está preparando unhas xornadas no refuxio de Torrebarrio (León) para os días 15-16-17-18 de agosto (todos eles festivos en Vigo).

Cremos que vai ser un encontro interesante e económico, xa que a durmida no refuxio ten un custe de 3?/persoa/día.

Faranse marchas de dificultade media/baixa para que poidan asistir os nenos.

Os que teñan interese en facer actividades máis duras, teñen o Peña Ubiña na porta do refuxio.

En canto teñamos máis datos pasaremos unha información completa.

Por último, os que estean interesados en facer unha aprendizaxe de descenso de barrancos, debes saber que procuraremos facela unha tarde da próxima semana (entre o mércores o venres). Debes facer a inscrición mediante o formulario da web de Xistra ou chamando ó club.